



**SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DO PEREIRO DE  
AGUIAR**

**Acta de constitución do tribunal cualificador**

**"Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2021"**

**Categoría: Xefe de brigada**

**(Nº Postos de traballo que se convocan: 1)**

Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, na Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 08:15 horas do día 25 de xuño de 2021, procédese á constitución do Tribunal que xulgará as probas selectivas e valoración de méritos para a provisión **dunha (1) praza de xefe de brigada (persoal laboral temporal)**, ao abeiro das bases aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2021 – 0365 de data 01 de xuño de 2021, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 04 de xuño de 2021.

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal, realización das probas e valoración de méritos publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data do 22 de xuño de 2021.

Estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

**Tribunal titular:**

Presidente : José Antonio Cerdeira Pérez, secretario – interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretaria: Marina Sara González Soto, asesora xurídica en asuntos de urbanismo e demais servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: José Antonio González Gallego, encargado de obras e servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

María del Pilar Conde Lorenzo, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

A Presidencia do Tribunal explica o proceso de oposición, que consistirá:

1. Proba de coñecementos.- Valorarase ata un máximo de 12 puntos, e estará integrada por un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar a un máximo de 30 preguntas tipo test con respostas alternativas que preparará o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario que se acompaña.

2. Tempo máximo para este exercicio determinarao o Tribunal Cualificador.



**CONCELLO  
O PEREIRO DE AGUIAR**

3. Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 12 puntos, necesitando un mínimo de 6 puntos para aprobar.
4. As respostas non contestadas non terán valoración.
5. As respostas erróneas non penalizan.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 08:25 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico.

O presidente,

José Antonio Cerdeira Pérez

A secretaria,

Marina Sara González Soto

José Antonio González Gallego

Os/as vogais,

Mª del Pilar Conde Lorenzo